

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

Nº EXP.	2024063222
ASUNTO	PRIMEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
TRÁMITE	DESIGNACIÓN DAS PERSOAS QUE COMPOÑEN A COMISIÓN DE VALORACIÓN

O Presidente no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

De conformidade co disposto na base décimo terceira da convocatoria da Primeira Edición dos Premios Sociais da Deputación de Pontevedra, aprobada por Resolución Presidencial núm. 2024007949, de data 11 de outubro, RESOLVO:

Designar as e os seguintes membros que compoñen a Comisión de valoración encargada de emitir o fallo para a selección e concesión dos premios sociais:

Presidenta: María Sandra Bastos Míguez, Deputada de Igualdade e Benestar Social da Deputación de Pontevedra.

Vogais: María José Vázquez Figueiredo, profesora da Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo.

Antonio Doval Canabal, tesoureiro do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Juan José López Peña, director-administrador da Residencia de Maiores de Pontevedra.

Ana González Quinteiro, profesora da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED-Pontevedra).



Secretaría: Noelia Novoa García, traballadora social do Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra, que actuará sen voz e sen voto.

As e os vogais percibirán as indemnizacións correspondentes por gastos de asistencia ás reunións nas que se redacte acta, nas mesmas condicións cás e cós cargos electos, cos importes establecidos na base 52ª.2.b) das Bases do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 24/231.2311.226.06.

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

